

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 12400** *Real decreto 1022/2015, do 13 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, nas materias referentes aos incentivos fiscais na imposición indirecta, á reserva para investimentos en Canarias e á Zona Especial Canaria, aprobado polo Real decreto 1758/2007, do 28 de decembro.*

O Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, introduciu diversos cambios na regulación do réxime económico e fiscal de Canarias como consecuencia do proceso de renovación do dito réxime para o período 2015-2020, como resultado dos compromisos alcanzados polo Reino de España coa Comisión Europea, modificacións que responderon, basicamente, á adecuación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, á nova regulación comunitaria en materia de axudas estatais de finalidade rexional, que se concreta no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, comunmente coñecido como o Regulamento xeral de exención por categorías, e nas directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020, aprobadas pola Comunicación da Comisión Europea 2013/C 209/01, así como á incorporación daquelas que a experiencia na aplicación do réxime facía aconsellables, todo isto coa finalidade última de preservar os obxectivos esenciais que, desde o seu establecemento, guían aquel e que non son outros que o desenvolvemento económico e social do arquipélago mediante a diversificación da actividade produtiva e a adopción de medidas dirixidas especificamente a potenciar a creación de emprego.

Consecuencia da aludida modificación legal é a modificación regulamentaria obxecto deste real decreto e que trata de adecuar á vixente regulación legal o Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, nas materias referentes aos incentivos fiscais na imposición indirecta, á reserva para investimentos en Canarias e á Zona Especial Canaria, aprobado polo Real decreto 1758/2007, do 28 de decembro. Varios dos novos aspectos recollidos naquela, concernentes á reserva para investimentos en Canarias, ao réxime da Zona Especial Canaria, ou ao esquema de control e seguimento da axudas estatais incorporado polo mencionado Real decreto lei 15/2014, precisan do pertinente desenvolvemento regulamentario.

Este real decreto estrutúrase nun artigo único, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras. Aquel modifica diversos artigos do regulamento vixente, a disposición transitoria concirne a referencias normativas, mentres que as disposicións derradeiras regulan o título competencial, a habilitación para desenvolver esta norma e a súa entrada en vigor, respectivamente.

En primeiro lugar, modifícanse varios preceptos regulamentarios para adecualos á nova regulación legal da reserva para investimentos en Canarias, preceptos que inciden na delimitación do beneficio dos establecementos permanentes situados nas illas Canarias, a concreción dos investimentos que contribúen á mellora e protección do ambiente canario ou os derivados da extensión da materialización da citada reserva en calquera tipo de instrumento financeiro, para cuxo fin se regula o contido da solicitude que deberán presentar as entidades financeiras emisoras daqueles e o procedemento de tramitación da dita solicitude, se especifican a data de materialización das cantidades destinadas á aludida reserva na subscripción dos diferentes instrumentos financeiros, así como aspectos relativos ao cumprimento das obrigacións de comunicación asociadas á

referida subscripción, ao tempo que se derroga a regulación do plan de investimentos, corolario da supresión deste na norma legal.

Tamén se modifica a delimitación do concepto de investimento inicial para incorporar o contido no aludido Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión.

Reviste singular importancia o desenvolvemento regulamentario que se incorpora no ámbito do control e seguimento das axudas estatais, incluídas no réxime económico e fiscal de Canarias, para cuxo fin se procede a enumerar estas coa correspondente desagregación, segundo se trate de axudas rexionais, ao funcionamento ou ao investimento, ás pequenas e medianas empresas, ou para obras audiovisuais.

Ademais, tras lembrar que as axudas obtidas polos beneficiarios do reiterado réxime se incluírán na declaración informativa a que se refire o citado Real decreto lei 15/2014, establécense as regras de cómputo daquelas para efectos da súa acumulación, ao tempo que se sinalan os límites aplicables na dita acumulación e se fixa o procedemento de reintegro do exceso de axudas para o suposto en que se excedan os ditos límites.

Por último, residénciase na Axencia Estatal de Administración Tributaria o seguimento e control da referida acumulación, calquera que sexa a natureza das axudas, isto sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos das administracións públicas, en particular á Intervención Xeral da Administración do Estado.

O terceiro grupo de modificacións que se incorpora no reiterado regulamento afecta a regulación da Zona Especial Canaria. As modificacións son, basicamente, de carácter técnico, para adecuar determinadas remisións a preceptos da Lei 19/1994, do 6 de xullo, e de carácter procedemental, referidas á solicitude de autorización previa que debe outorgar o Consello Reitor para operar neste réxime e respecto da notificación por parte das entidades da Zona Especial Canaria de determinadas modificacións que introduzan.

Dada a materia desta norma, o réxime económico e fiscal de Canarias, solicítouse, de acordo co establecido no ordenamento, o preceptivo informe do Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias, informe que este emitiu.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, nas materias referentes aos incentivos fiscais na imposición indirecta, á reserva para investimentos en Canarias e á Zona Especial Canaria, aprobado polo Real decreto 1758/2007, do 28 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, nas materias referentes aos incentivos fiscais na imposición indirecta, á reserva para investimentos en Canarias e á Zona Especial Canaria, aprobado polo Real decreto 1758/2007, do 28 de decembro:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Determinación do beneficio do establecemento permanente situado en Canarias.*

1. Consideraranse beneficios procedentes de establecementos permanentes situados en Canarias os derivados das operacións efectuadas cos medios persoais e materiais afectos a este que pechen un ciclo mercantil que determine resultados económicos, así como os derivados da transmisión de elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas, sempre que, neste último caso, se trate de elementos do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios ou activos

intanxibles que xerases rendas ao menos un ano dentro dos tres anteriores á data de transmisión.

2. Non terá a consideración de beneficio non distribuído:

- a) O destinado a nutrir as reservas de carácter legal.
- b) O que derive da transmisión de elementos patrimoniais cuxa adquisición determinase a materialización da reserva para investimentos en Canarias.
- c) O que derive dos valores representativos da participación no capital ou fondos propios doutras entidades, así como a cesión a terceiros de capitais propios, excepto que se trate de entidades que presten servizos financeiros.»

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Delimitación do concepto de axuda.*

De conformidade co establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, para os efectos deste regulamento entenderanse por:

a) “Axudas rexionais de funcionamento”: axudas para reducir os gastos correntes dunha empresa non relacionados cun investimento inicial; inclúe categorías de custos tales como os custos de persoal, materiais, servizos contratados, comunicacións, enerxía, mantemento, alugamentos, administración, etcétera, pero exclúe os gastos de amortización e os custos de financiamento se se incluíron nos custos subvencionables cando se concedeu a axuda ao investimento.

En particular, teñen tal consideración, para efectos do disposto na Lei 19/1994, do 6 de xullo, as previstas no número 1 do artigo 36 deste regulamento.

b) “Axudas rexionais ao investimento”: axudas rexionais concedidas para un investimento inicial.

En particular, teñen tal consideración, para efectos do disposto na Lei 19/1994, do 6 de xullo, as previstas no número 2 do artigo 36 deste regulamento.

Pola súa vez, teñen a consideración de investimento inicial, para efectos do disposto na Lei 19/1994, do 6 de xullo, e neste regulamento, as seguintes:

a) O investimento en activos materiais e inmateriais relacionado coa creación dun novo establecemento, coa ampliación da capacidade dun establecemento existente, coa diversificación da produción dun establecemento en produtos que anteriormente non se producían nel ou cunha transformación fundamental do proceso global de produción dun establecemento existente, ou

b) A adquisición de activos pertencentes a un establecemento que pechou ou que tería pechado se non fose adquirido e que é comprado por un investidor non vinculado ao vendedor. A simple adquisición das accións dunha empresa non se considerará investimento inicial.»

Tres. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Investimentos que contribúen á mellora e protección do ambiente canario.*

Para os efectos do disposto no artigo 27.4.C da Lei 19/1994, do 6 de xullo, terán a consideración de investimentos que contribúen á mellora e protección do ambiente canario os seguintes:

a) Os realizados en bens do activo material destinados á protección do ambiente consistentes en instalacións que eviten a contaminación atmosférica ou acústica procedente de instalacións industriais, ou contra a contaminación de augas superficiais, subterráneas e mariñas, ou para a redución, recuperación ou tratamento

de residuos industriais propios, ou para optimizar o consumo e tratamento de recursos hídricos agrícolas ou industriais, sempre que se estea cumprindo a normativa vixente neses ámbitos de actuación pero que se realicen para mellorar as exigencias establecidas na dita normativa. Para estes efectos, a Administración canaria competente en materia ambiental deberá expedir a certificación da validación do investimento.

b) Os realizados en bens do activo material consistentes en instalacións e equipamentos destinados ao aproveitamento, para autoconsumo, de fontes de enerxía renovables para a súa transformación en electricidade.»

Catro. Modifícanse o título e o número 1 do artigo 13, que quedan redactados da seguinte forma, e os actuais números 1, 2 e 3 pasan a numerarse como 2, 3 e 4, respectivamente:

«Artigo 13. *Elementos de transporte.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 27.4.A da Lei 19/1994, do 6 de xullo, a reserva para investimentos en Canarias poderase materializar en calquera tipo de elemento de transporte afecto á actividade económica, xa sexa de uso interno ou externo.»

Cinco. Modifícase o artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Materialización das cantidades destinadas á reserva para investimentos mediante a subscripción de instrumentos financeiros.*

1. No suposto de que as entidades financeiras reguladas no artigo 2 deste regulamento emitan instrumentos financeiros co obxecto de captar fondos destinados ao financiamento en Canarias de proxectos privados, co fin de materializar a reserva, será necesario que aquelas emisións sexan supervisadas polo Goberno de Canarias para os efectos de declarar a súa idoneidade e que contén cun informe vinculante da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Para estes efectos, a entidade financeira presentará unha solicitude ao Goberno de Canarias co seguinte contido:

- a) Identificación das persoas ou entidades que vaian realizar os proxectos.
- b) Descrición dos proxectos que se van realizar e xustificación do cumprimento dos requisitos necesarios para materializar a reserva para investimentos.
- c) Prazo de realización dos proxectos.
- d) Características dos instrumentos financeiros que van ser obxecto de emisión.

Para estes efectos, o Goberno de Canarias solicitará un informe vinculante á Axencia Estatal de Administración Tributaria que se deberá emitir nun prazo de tres meses.

O Goberno de Canarias e a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderán solicitar dos interesados cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación co proxecto, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre el.

3. A resolución que poña fin á solicitude poderá declarar a idoneidade, ou a falta desta, dos instrumentos financeiros a que aquela se refira para efectos do disposto no artigo 27.4.D.3.º da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

Esta resolución deberá ser motivada e emitirse no prazo de seis meses desde a presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que a dita emisión se producise, a solicitude poderase entender desestimada para os efectos da interposición dos recursos ou reclamacións a que se refire o título V da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Mentres non exista unha resolución firme en vía administrativa pola cal se declare a idoneidade das emisións a que se refire este artigo, a súa subscrición non producirá efectos como medio de materialización da reserva para investimentos en Canarias.»

Seis. Modifícase o artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Data da materialización das cantidades destinadas á reserva para investimentos na subscrición de instrumentos financeiros.*

Nos casos de materialización mediante a subscrición de accións a que se refire o artigo 27.4.D.1.º e 2.º da Lei 19/1994, do 6 de xullo, considerarase, para os efectos do disposto no número 7 do dito artigo, que se produciu a materialización desde a data en que a súa entidade emisora faga entrar en funcionamento os elementos patrimoniais adquiridos.

Nos casos de materialización mediante a subscrición de instrumentos financeiros a que se refire o artigo 27.4.D.3.º da Lei 19/1994, do 6 de xullo, a dita materialización considerarase producida desde a data en que a entidade que realiza os proxectos privados faga entrar en funcionamento os elementos patrimoniais adquiridos.»

Sete. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Comunicacións na subscrición de accións ou participacións de entidades investidoras ou de instrumentos financeiros emitidos por entidades financeiras.*

1. A obrigaçión de comunicación que recae sobre quen materializa a reserva para os investimentos a que se refiren o artigo 27.4.D.1.º, 2.º e 3.º da Lei 19/1994, do 6 de xullo, deberase cumprir de forma simultánea á subscrición das accións, participacións ou instrumentos financeiros.

2. A obrigaçión de comunicación que recae sobre a entidade que efectúa os investimentos iniciais a que se refiren o artigo 27.4.D.1.º e 2.º ou sobre a entidade financeira a que se refire o artigo 27.4.D.3.º da Lei 19/1994, do 6 de xullo, deberase cumprir no prazo dos 20 días posteriores ao da súa entrada en funcionamento.»

Oito. Derrógase o capítulo II do título IV.

Nove. Modifícase o título V, que queda redactado da seguinte forma:

## «TÍTULO V

### **Control dos incentivos e límites da acumulación de axudas derivados da aplicación do dereito da Unión Europea**

Artigo 36. *Axudas de Estado.*

Para os efectos do seguimento e control da acumulación de axudas establecido no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DO L 187, do 26.6.2014), e na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, teñen a consideración de:

1. “Axudas rexionais ao funcionamento” os seguintes incentivos e réximes:

a) O réxime especial das empresas produtoras de bens corporais regulado no artigo 26 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

b) O réxime de dedución por investimentos en Canarias regulado no artigo 94 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, e as deducións a que se refiren as disposicións

adicionais décimo terceira e décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, coa excepción da dedución sinalada no número 4 deste artigo, cando os investimentos realizados non teñan a consideración de «investimento inicial» de conformidade co artigo 6 deste regulamento.

c) Os incentivos da Zona Especial Canaria regulados nos artigos 43 a 46 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

d) A reserva para investimentos en Canarias, na parte regulada no número 4, letras B bis, C e D, do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

e) As exencións de entregas interiores do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias reguladas no número 4 do artigo 2 da Lei 4/2014, do 26 de xuño, da Comunidade Autónoma de Canarias, pola que se modifica a regulación do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.

f) As axudas ao transporte de mercadorías comprendidas no ámbito do Real decreto 362/2009, do 20 de marzo, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías non incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias.

## 2. “Axudas rexionais ao investimento” os seguintes incentivos e réximes:

a) Os incentivos ao investimento regulados no artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

b) O réxime de dedución por investimentos en Canarias regulado no artigo 94 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, e as deducións a que se refiren as disposicións adicionais décimo terceira e décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, coa excepción da dedución sinalada no número 4 deste artigo, cando os investimentos realizados teñan a consideración de «investimento inicial» de conformidade co artigo 6 deste regulamento.

c) A reserva para investimentos en Canarias, na parte regulada no número 4, letras A e B, do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

d) Outros incentivos rexionais concedidos polas administracións públicas ou mediante fondos públicos para a realización dun investimento inicial de conformidade co artigo 6 deste regulamento.

## 3. “Axudas ás pemes”:

A dedución por investimentos en territorios de África occidental e por gastos de publicidade e propaganda, regulada no artigo 27.bis da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

## 4. “Axudas para obras audiovisuais”:

A dedución por investimentos en producións cinematográficas e series audiovisuais realizadas en Canarias, regulada na disposición adicional décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

### Artigo 37. *Cómputo das axudas para efectos da súa acumulación.*

As axudas obtidas por un beneficiario en virtude de todos os incentivos aplicables no marco do réxime económico e fiscal de Canarias, así como daqueles outros, calquera que sexa a súa natureza, que teñan a consideración de axudas de Estado, incluíranse na declaración informativa a que se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, que se computará no exercicio en que se xeran, excepto no caso da reserva para investimentos en Canarias, que se computarán no exercicio no cal se realizan os investimentos en que se materializa a dita reserva. En particular:

1. Axudas rexionais de funcionamento. Acumúlanse tomando en consideración o período impositivo do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das

persoas físicas, segundo que os beneficiarios daqueles sexan contribuíntes dun ou doutro imposto, e computaranse conforme os seguintes criterios:

a) Réxime especial das empresas produtoras de bens corporais. Computarase a bonificación do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas que resulte da aplicación deste réxime.

b) Réxime de dedución por investimentos en Canarias e as disposicións adicionais décimo terceira e décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, coa excepción da dedución sinalada no número 4 deste artigo. Computarase a diferenza entre a dedución que resulte da aplicación deste réxime e a que tería sido de aplicación conforme o réxime xeral do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Zona Especial Canaria. Os incentivos deste réxime computaranse:

i. Imposto sobre sociedades. A diferenza de cota que resulta de aplicar o tipo reducido do 4 por cento á parte da base impositiva do imposto que tributa a ese tipo reducido, en vez do tipo que resultaría aplicable á entidade beneficiaria se non tivese a consideración de entidade da Zona Especial Canaria.

ii. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Os importes que se terían devindicado de non aplicarse a exención nos actos, contratos e operacións establecidos no artigo 46 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

d) Reserva para investimentos en Canarias. Computarase o resultado de multiplicar o tipo impositivo do imposto sobre sociedades correspondente ao tipo de entidade beneficiaria polo importe dos investimentos realizados conforme as letras B bis, C e D do número 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo. Para os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas computarase a parte proporcional da dedución aplicada no período impositivo correspondente aos investimentos realizados.

Se o investimento se financiou con dotacións realizadas en varios exercicios, deberanse corrixir os resultados por un coeficiente de actualización tomando como base o tipo de referencia aplicable a España publicado no «Diario Oficial de la Unión Europea» que estea vixente con data do 31 de decembro do primeiro exercicio en que se dotou a reserva. Cando o período impositivo non coincida co ano natural, empregarase o tipo de referencia vixente o último día do primeiro exercicio.

Cando os citados investimentos se leven a cabo de maneira anticipada e estes teñan a consideración de materialización da reserva para investimentos que se dote nese exercicio ou nos tres posteriores, computarase a redución da cota íntegra consignada no imposto sobre sociedades ou no imposto sobre a renda das persoas físicas do período impositivo en que efectivamente se dote a reserva.

e) Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias. Computarase o importe agregado do imposto que se tería devindicado no exercicio en caso de que non resultase aplicable a exención das entregas interiores establecidas no número 4 do artigo 2 da Lei 4/2014, da Comunidade Autónoma de Canarias, do 26 de xuño, minorado polo importe das cotas do arbitrio que soportaron nas adquisicións ou importacións realizadas no exercicio polas que tivesen dereito á devolución conforme o artigo 85 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, no suposto de que non resultase aplicable a exención.

f) Axudas ao transporte de mercadorías. Computarase o importe total das axudas recoñecidas ao beneficiario durante o exercicio correspondente.

2. As axudas rexionais ao investimento. Acumúlanse as axudas correspondentes a un mesmo proxecto de investimento, sen que resulte procedente a súa división artificial, e as correspondentes a distintos proxectos de investimento

pero relativas aos mesmos custos subvencionables. As axudas computaranse conforme os seguintes criterios:

a) Incentivos ao investimento regulados no artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo. Computaranse os importes dos impostos que se terían devindicado de non resultar aplicable a exención.

b) Réxime de dedución por investimentos en Canarias e as disposicións adicionais décimo terceira e décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, coa excepción da dedución sinalada no número 4 deste artigo. Computarase a diferenza entre a dedución que resulte da aplicación deste réxime e a que tería sido de aplicación conforme o réxime xeral do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Reserva para investimentos en Canarias. Computarase o resultado de multiplicar o tipo impositivo do imposto sobre sociedades correspondente ao tipo de entidade beneficiaria, polo importe dos investimentos realizados conforme as letras A e B do número 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo. Para os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, compútase a parte proporcional da dedución aplicada correspondente aos investimentos realizados.

Cando o investimento se financiasse con dotacións realizadas en varios exercicios ou nos casos en que os citados investimentos se realicen de maneira anticipada, aplícanse os criterios indicados no número 1.d) deste artigo.

d) Outros incentivos. Computarase o importe dos incentivos recoñecidos ao beneficiario asociados a un determinado proxecto de investimento.

3. Dedución por investimentos en territorios de África occidental e por gastos de publicidade e propaganda regulada no artigo 27.bis da Lei 19/1994, do 6 de xullo. Computarase o importe da dedución por investimentos en territorios de África occidental por empresa e por proxecto. A dedución por gastos de publicidade e propaganda computarase por empresa e ano.

4. Dedución por investimentos en producións cinematográficas e series audiovisuais realizadas en Canarias. Computarase a diferenza entre a dedución que resulte da aplicación deste réxime e a que tería sido de aplicación conforme o réxime xeral do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas asociado a unha determinada produción.

5. Outros incentivos. Inclúirase na referida declaración informativa calquera outro incentivo que teña a consideración de axuda de Estado. Computarase o importe das axudas recoñecidas ao beneficiario durante o exercicio correspondente ou asociadas a un determinado proxecto de investimento, segundo proceda.

O modelo da declaración informativa a que se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, será aprobado polo ministro de Facenda e Administracións Públicas, que establecerá a forma e os prazos da súa presentación.

#### Artigo 38. *Límites da acumulación das axudas.*

1. A acumulación das axudas obtidas en virtude de todos os incentivos aplicables no marco do réxime económico e fiscal de Canarias, así como daqueles, calquera que sexa a súa natureza, que teñan a consideración de axudas de Estado, non poderá exceder os seguintes límites:

a) Axudas rexionais ao funcionamento. Son de aplicación os límites establecidos na disposición adicional segunda do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro.

Naqueles casos en que un beneficiario realice actividades en sectores con diferentes límites de acumulación de axudas, o seu cómputo realizarase de forma separada segundo correspondan ao sector industrial, definido na citada disposición adicional segunda, ou ao resto dos sectores. Cando as axudas non se poidan



imputar integramente a un sector determinado, computarase en cada sector a parte proporcional da axuda correspondente ao volume de negocios que represente cada actividade sobre o volume de negocios anual do beneficiario.

Para estes efectos, entenderase por volume de negocios o importe da venda de produtos e da prestación de servizos ou outros ingresos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, deducidas as bonificacións e demais reducións sobre as vendas, así como o imposto xeral indirecto canario, e outros impostos directamente relacionados co volume de negocios que deban ser obxecto de repercusión.

b) Axudas rexionais ao investimento. Son de aplicación os límites establecidos nas directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020 (DO do 23.7.2013), o Regulamento (UE) n.º 651/2014 e o resto do ordenamento comunitario aplicable, se for o caso, en materia de axudas estatais.

c) Dedución por investimentos en territorios de África occidental e por gastos de publicidade e propaganda. De conformidade cos límites establecidos nas letras c) e e) do artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, o importe da dedución por investimentos en territorios de África occidental non poderá superar a cantidade de 7,5 millóns de euros por empresa e por proxecto. O importe da dedución por gastos de publicidade e propaganda non poderá superar a cantidade de 2 millóns de euros por empresa e ano.

d) Dedución por investimentos en producións cinematográficas e series audiovisuais realizadas en Canarias. O importe total das axudas concedidas ao abeiro deste incentivo non poderá superar o limiar de 50 millóns de euros por ano, de conformidade co establecido no artigo 4.1.aa) do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión. Para estes efectos, os beneficiarios comunicarán á Axencia Estatal de Administración Tributaria:

- O orzamento de custos autorizado polo produtor.
- Para efectos do disposto no artigo 36.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, o importe previsto da dedución correspondente á produción realizada en Canarias, así como o exercicio en que finalizará a produción.
- Para efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, o importe previsto da dedución correspondente aos gastos realizados en Canarias, así como o exercicio en que esta se xerará.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicará, no prazo de vinte días desde a recepción da comunicación do beneficiario, se o importe da dedución prevista non supera o limiar máximo do ano tendo en conta as comunicacións presentadas anteriormente. No caso de superarse o limiar, a Axencia Tributaria comunicará a imposibilidade de aplicar o presente incentivo ou, se for o caso, a posibilidade de aplicalo parcialmente até alcanzar o citado limiar.

2. Se, con motivo das actuacións de comprobación, inspección ou control, se verifica que se superaron os límites de acumulación de axudas por un mesmo beneficiario, o órgano competente exixirá o reintegro polo importe total do exceso, conforme o procedemento que corresponda en atención ás axudas do seu ámbito de competencias e até o límite das citadas axudas. Se o exceso supera o importe exixible dentro do seu ámbito competencial, darase traslado ao órgano competente das demais axudas para que exixa a contía restante.

Nos casos de axudas de natureza tributaria, no procedemento de reintegro seguirase a orde establecida nos números 1 e 2 do artigo 36 deste regulamento.

#### Artigo 38 bis. *Competencias de control.*

O seguimento e o control da acumulación das axudas obtidas en virtude dos incentivos aplicables no marco do réxime económico e fiscal de Canarias, así como daqueloutros, calquera que sexa a súa natureza, que teñan a consideración de axudas de Estado, será realizado, no ámbito da Administración do Estado, pola

Axencia Estatal de Administración Tributaria en canto ás materias propias da súa competencia, sen prexuízo das atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado, que se rexerá pola súa normativa específica, para cuxo efecto resultará de aplicación o disposto no artigo 95.1.l) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e das que correspondan a outros órganos ou organismos do Estado e a outras administracións públicas.

Conforme o establecido na disposición adicional segunda do Real decreto lei 12/2006, do 29 de decembro, polo que se modifican a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e o Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, a Axencia Estatal de Administración Tributaria remitirá á Intervención Xeral da Administración do Estado a información necesaria sobre as axudas de Estado derivadas da aplicación da citada lei, para a súa incorporación á base de datos nacional de subvencións regulada no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O principio de estanquidade xeográfica da Zona Especial Canaria terá por efecto limitar o ámbito de aplicación dos beneficios fiscais regulados no título V da Lei 19/1994, do 6 de xullo, ás entidades da Zona Especial Canaria, sen que, en ningún caso, supoña restricións para que as entidades operen dentro e fóra dela segundo os principios xerais de libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais.

Para estes efectos, as entidades da Zona Especial Canaria poderán dispor de establecementos permanentes para o desenvolvemento das súas actividades dentro e fóra do territorio das illas Canarias e están obrigadas a comunicar por escrito ao Consello Reitor da Zona Especial a súa apertura dentro do prazo dun mes contado a partir da data da súa constitución.»

Once. Derrógase o artigo 40.

Doce. Modifícase o artigo 42, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Aplicación dos requisitos previstos para as illas de Gran Canaria e Tenerife.*

Para os efectos do disposto no artigo 31.2.d) e e) da Lei 19/1994, do 6 de xullo, aplicaranse os requisitos previstos para as illas de Gran Canaria ou de Tenerife cando a entidade dispoña de establecemento no territorio de calquera destas.»

Trece. Modifícase o artigo 43, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 43. *Delimitación do ámbito temporal para efectuar os investimentos.*

Entenderanse realizados dentro do prazo previsto para realizar os investimentos no artigo 31.2.d) da Lei 19/1994, do 6 de xullo, os efectuados unha vez presentada a solicitude da entidade para a súa inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria e durante o prazo de dous anos contados desde o día seguinte ao da notificación da inscrición no dito rexistro.»

Catorce. Modifícase o artigo 44, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 44. *Cómputo para a creación de emprego.*

Os prazos para o cumprimento do requisito de creación de emprego establecidos no artigo 31.2.e) da Lei 19/1994, do 6 de xullo, empezarán a contar a partir do día seguinte ao da notificación da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

Non obstante, para os efectos do cumprimento deste requisito, computarán os postos de traballo creados unha vez presentada a solicitude de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria cando se acredite a necesidade da contratación para a realización das actividades preparatorias ou previas ao inicio do funcionamento da entidade.»

Quince. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 45, que queda redactado da seguinte forma:

«Na memoria descritiva de actividades que se van desenvolver a que se refire o artigo 31.2.f) da Lei 19/1994, do 6 de xullo, que se presentará xunto co impreso de solicitude de autorización previa, a entidade.»

Dezaseis. Modifícanse os números 2 e 5 do artigo 47, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. A solicitude de autorización previa deberá conter, ao menos, a seguinte información:

- a) Denominación prevista da entidade da Zona Especial Canaria.
- b) Domicilio social e sede de dirección efectiva.
- c) Obxecto social que vaia constar nos estatutos da entidade da Zona Especial Canaria.
- d) Identificación das persoas que vaian exercer a representación legal da entidade da Zona Especial Canaria, con indicación dos datos relativos ao seu lugar de residencia.
- e) Importe e localización futura do investimento.
- f) Número de empregos que se crearán durante os seis meses posteriores á inscrición da entidade no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria e media anual do cadro de persoal previsto para os primeiros tres anos de actividade da entidade.

En caso de ter exercido anteriormente a mesma actividade baixo a mesma ou outra titularidade, deberase facer declaración en tal sentido, especificando, así mesmo, a media do cadro de persoal que correspondía á dita actividade durante o exercicio económico anterior ao da inscrición da entidade no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.»

«5. Unha vez obtida a autorización previa do Consello Reitor, os promotores das entidades da Zona Especial Canaria deberán tramitar ante o Consello Reitor unha solicitude de modificación para alterar as actividades económicas autorizadas.»

Dezasete. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 48, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As entidades da Zona Especial Canaria deberán notificar ao Consello Reitor calquera modificación da información que conste no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria, salvo cando se refira ao seu obxecto, que requirirá autorización previa do Consello Reitor.

2. Para a modificación do seu obxecto, a entidade deberá presentar ante o Consello Reitor unha solicitude en que se describan os cambios propostos e, se for o caso, a súa incidencia sobre a información contida nos asentos do Rexistro. No caso de que a solicitude de modificación sexa resolta favorablemente polo Consello Reitor, a entidade deberá presentar a documentación acreditativa dos cambios autorizados no prazo dun mes contado desde o seguinte ao da notificación da resolución.»

Dezaioito. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 52, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A taxa de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria liquidaraa o Consello Reitor do Consorcio da Zona Especial Canaria ao producirse o seu feito impoñible.»

Dezanove. Modifícase o artigo 54, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 54. *Potestade sancionadora.*

A potestade sancionadora exercerase de acordo co establecido no capítulo VI do título V da Lei 19/1994, do 6 de xullo; na Lei 30/1992, do 26 de novembro; no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora; nas súas normas de desenvolvemento e nas instrucións que, de acordo coas súas competencias, poida ditar o Consello Reitor.»

Vinte. Modifícase o número 1 do artigo 55, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O Consorcio efectuará as actividades investigadoras que lle corresponden conforme o disposto no artigo 37 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, e as normas que estableza o Consello Reitor, co obxecto de obter os datos necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos legais establecidos no artigo 31.2 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, e comprobar a adecuación das actividades desenvolvidas polas entidades da Zona Especial Canaria coas autorizadas polo Consello Reitor.»

Vinte e un. Modifícase o número 2 do artigo 56, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O desfrute dos beneficios fiscais deberase conceder sempre que nos exercicios seguintes a aquel en que se cometese a infracción a entidade cumprise todos os requisitos previstos no artigo 31.2 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.»

Vinte e dous. Engádesse unha disposición adicional, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Novas axudas de Estado.*

Para os efectos do disposto no título V deste regulamento, as axudas de Estado que se creen no marco do réxime económico e fiscal de Canarias, mentres non se inclúan expresamente naquel, rexeranse polo establecido na categoría que, das axudas mencionadas no artigo 6 deste regulamento, se axuste á súa natureza.»

Vinte e tres. Engádesse unha disposición transitoria primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria primeira. *Dotacións á reserva para investimentos en Canarias, efectuadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

Para os efectos do disposto no título V deste regulamento, as dotacións á reserva para investimentos en Canarias, efectuadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, rexeranse pola normativa aplicable á dita reserva o 31 de decembro de 2014.»

Vinte e catro. Engádesse unha disposición transitoria segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Importes pendentes de aplicación da dedución por investimentos en Canarias, xerados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

Para os efectos do disposto no título V deste regulamento, os importes da dedución por investimentos en Canarias, xerados con anterioridade ao 1 de xaneiro

de 2015, pendentes de aplicación, rexeranse pola normativa aplicable á dita dedución o 31 de decembro de 2014.»

Disposición transitoria única. *Referencias normativas.*

Cando entren en vigor as leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, entenderanse feitas a elas as referencias que figuran no artigo 54 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/1994, do 6 de xullo, segundo a redacción dada a este polo presente real decreto; á Lei 30/1992, do 26 de novembro, e ao Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO